



*INCENTIVANDO A ECONOMÍA CIRCULAR PARA FACER CIDADES MÁIS
INCLUSIVAS, SOSTIBLES E RESILIENTES*


1- PRESENTACIÓN

12 Comercios 12 Sensibilidades é un proxecto de 12 comercios de Compostela que conflúen durante 12 meses, para dar visibilidade a 12 proxectos solidarios.

Unha idea que xurde dun grupo de formación previo alá polo 2019, e que 5 anos despois dá pé a un grupo de traballo que pretende promover a economía circular, compartindo inquiredanzas e clientela durante 12 meses á vez que ten unha finalidade solidaria de contribución social con 12 proxectos de 12 entidades diferentes.

12 Comercios 12 Sensibilidades somos un grupo de 12 mulleres que rexentamos 12 comercios de proximidade en diferentes sectores, unidas pola empatía, resiliencia e sensibilidade social.

12 mulleres firmemente convencidas de que a través dos nosos espazos comerciais podemos dar voz a asociacións que, cos seus proxectos solidarios, melloran a vida de moitas persoas e fan que as cidades sexan máis humanas.



Xaneiro - **1ÁGUILA ATLÁNTICA** - Fundación Pictoaplicaciones
Febreiro - **Joyería José Antonio** - Solidaridad Internacional de Galicia.
Marzo - **NAF NAF SANTIAGO** - Programa VAGALUME SANTIAGO
Abril - **Centro Deportivo Atmósfera** - A.C.E.M
Maio - **Papelería Xaquín** - AGADEA
Xuño - **La Tienda de María** - Acougo
Xullo - **Mercado Galego da Creatividade** - Avante
Agosto - **Maravalla** - Refuxio de Bando.
Setembro - **Cousas do Campo froitas e verduras** - Daqui darrederee (socios)
Outubro - **XOGUETERÍA EDUCATIVA ESCONDI T** - OBRA SOCIAL PEDIATRÍA
Novembro - **MARIA BREY DISEÑO E INTERIORISMO** - Cociña Económica
Decembro - **Quenlla SCQ** - lasolvidadas.org

2- OBXECTIVOS

- O obxectivo é difundir durante un ano 12 proxectos solidarios nos establecementos comerciais a través de exposicións, charlas, obradoiros...etc.
- Crear un fluxo de xente entre os doce comercios a través da visualización de 12 experiencias solidarias.
- Incentivar a economía circular para facer unha cidade máis inclusiva, sostible e resiliente.

Este proxecto ten como obxectivo transversal contribuír cos obxectos da axenda 2030, dando visibilidade á labor das organizacións que no seu día a día traballan para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para tódalas persoas. Traballar contra a desigualdade, a degradación ambiental, protexer o clima, a paz e a xustiza.



3 - DESENVOLVEMENTO

Durante un ano completo, (12 meses) os 12 comercios que conforman este proxecto darán visibilidade ás 12 entidades sociais coas que colaboran durante un mes enteiro.

Trátase de 12 establecementos moi diversos da cidade de Compostela, distribuídos de norte a sur, nos distintos barrios da cidade e de distintos sectores comerciais, que conflúen na inqueda de mellorar persoal e socialmente, conscientes de ambas necesidades.

Para lograr os obxectivos, tanto de dar visibilidade as causas solidarias a través das citadas entidades, como para crear ese fluxo de persoas entre os 12 negocios, cada mes, un comercio expón unha causa, e os 11 comercios restante informan da mesma entre a súa clientela

Isto permite, por unha banda dar mellor visibilidade e, por outra, crear ese fluxo de persoas entre os comercios da cidade.

Cada un dos comercios realizará o longo “do seu mes” diferentes actividades, atractivos, xornadas ou obradoiros das que se informará dende todos os comercios e se difundirá a través das Redes Sociais. Sempre co hashtag #12meses12sensibilidades, mencionando e etiquetando ó comercio e a entidade social, e engadindo os hastags que cada comercio previamente indique.

Xaneiro

Comercio: 1 Águila atlántica

1 Águila Atlántica é unha páxina web que nace da paixón pola artesanía e as antigüidades. Dous mundos cheos de obras de arte, que se caracterizan por ser feitas a man, ser pezas únicas ou ter unha bonita e emotiva historia detrás.

Dentro da artesanía, pódense atopar as seccións de complementos, punto, decoración e esotérica. Moitas opcións, que se poden personalizar, e facer variacións do produto.

Na sección de antigüidades, pódense atopar curiosidades, decoración, libros e mobles. Na páxina web 1aguilaatlantica.com existe tamén un blog con noticias variadas.

Entidade coa que colabora: Pictoaplicaciones

Pictoaplicaciones nace en 2012 como proxecto solidario de Grupo Promedia -unha empresa de deseño e desenvolvemento web e aplicacións con sede en Santiago de Compostela- <https://www.pictoaplicaciones.com/> Está orientado ás persoas con TEA ou con outros tipos de Trastornos de Comunicación na Linguaxe Oral

Como colabora coa entidade: difundindo en redes a súa páxina, a través dun concurso, e tamén facendo unha publicación no blog. Así mesmo, a fundación Pictoaplicaciones fará unha publicación no seu blog, anunciando a colaboración.

Atractivo: sorteo de dúas bolsas de Pictoaplicaciones

Que poden facer os 11 comercios restantes: publicar nas súas redes o mes de Xaneiro o concurso, e tamén a través do reparto de publicidade.

Persoa de contacto: Pilar Sánchez 622 732 622

Febreiro

Comercio: Joyería José Antonio

Joyería José Antonio leva 56 años situada no Ensanche de Compostela. Negocio familiar que prima por encima de todo o trato próximo e personalizado ofrecendo marcas de moda e xoias de toda a vida.

Ten taller propio de Xoiería e Reloxería, o que permite deseñar e realizar aquelas pezas coas que ti soñas.

Entidade coa que colabora: Solidaridad Internacional de Galicia.

Solidariedade Internacional de Galicia é unha entidade que busca a conciencia dunha xustiza global, para que a Terra sexa un lugar no que poidamos desenvolvernos, vivir con dignidade e convivir con ledicia. <https://solidaridadgalicia.org/>

Para esta colaboración buscamos un proxecto que estivese relacionado coa xoiería, primando que fose unha cooperativa de mulleres.

Como colabora o comercio coa entidade: exposición de xoias elaboradas prioritariamente por unha cooperativa de mulleres.

Atractivo: degustación de café de comercio xusto, e/ou agasallo dunha boneca quitapenas.

Que poden facer os 11 comercios restantes: enviar á súa clientela a coñecer a exposición, coa posibilidade de mercar algunha peza e degustar un café de comercio xusto.

Persoa de contacto: Vanessa Alvite 676 739 094

Marzo

Comercio: NAF NAF Santiago

Naf Naf Santiago é unha tenda compostelá adicada ao vestiario feminino. Queremos que cada persoa teña un estilo persoal e único e, para conseguilo, a nosa máxima é traballar con roupa de diferentes estilos. As nosas clientas son o eixo central do noso modelo de negocio, tras case 15 anos de historia. Comercio de proximidade.

Gústanos ter unha relación próxima co noso público. Unha relación natural, respectuosa e sen artificios. Tentamos manter un vínculo cordial para xerar confianza e complicidade. Queremos que as nosas clientas pensen en nós si precisan consello ou asesoramento en moda, estilo ou tendencias. Trato profesional e coidado para acadar a nosa filosofía. Manter unha relación viva co entorno social, cultural e asociativo. Abrir as portas de Naf Naf Santiago a calquera iniciativa de interese para Santiago e a súa contorna.

Entidade coa que colabora: PROGRAMA VAGALUME

PROGRAMA VAGALUME

Programa Vagalume é un centro social que ofrece atención integral ás mulleres no contexto de prostitución e/ou, proporcionándolles servizos xurídicos, orientación en atención integral, sanitaria e psicolóxica, información e orientación social, obradoiros de desenvolvemento persoal e orientación laboral.

Busca sensibilizar á cidadanía sobre a igualdade e a violencia contra as mulleres en xeral e para eso levan a cabo diferentes accións que teñen como obxectivo sensibilizar a poboación en xeral.

Atractivo:

CHARLAS, EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA, MESA REDONDA...ETC

VENDA DE CHAVEIRO SOLIDARIO A FAVOR INTEGRAMENTE DA ASOCIACIÓN

Que poden facer os 11 comercios restantes: enviar a súa clientela e poder difundir a campaña.

Persoa de contacto: María Piñeiro 696 549 331

Abril

Comercio: Centro Deportivo Atmósfera

Rexentado dende hai 44 anos por unha parella de deportistas profesionais, está situado no 28 da Rúa de San Pedro de Mezonzo en Santiago de Compostela.

Ofrece as mellores marcas en roupa, calzado e accesorios deportivos do mercado, sempre con unha atención persoalizada a súa clientela.

Conta co seu propio obradoiro de gravación de medallas, trofeos, etc.

Entidade coa que colaboradora: A.C.E.M.. Asociación Compostelá de esclerose Múltiple.

A.C.E.M. é unha entidade sen ánimo de lucro que nace no ano 1995 co fin de axudar a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por esta doenza, así coma a dos seus familiares e coidadores. No ano 2007 foi recoñecida coma unha entidade de Utilidade Pública.

Atractivo: Posto con folletos e mercadoría para vender a os clientes. Una bolsa/mochila

Que poden facer os 11 comercios restantes: enviar a súa clientela e poder difundir a campaña.

Persoa de contacto: Tachi 669 781 153

Mes: Maio

Comercio: Papelería Xaquín

Papelería Xaquín é un negocio familiar con 43 anos de historia. Sempre situada na Rúa Nova de Abaixo, comezou como un pequeno quiosco de venda de prensa e revistas, ata chegar onde estamos hoxe.

Actualmente podedes atopar na nosa tenda, dende prensa e revistas ata minerais e filatelia, pasando por todo tipo de artigos de papelería, belas artes e agasallo.

O noso lema é intentar conseguir o que os nosos clientes precisan e para iso procuramos ter un trato persoal e próximo con eles.

Entidade coa que colabora: AGADEA

O 25 de marzo do 1994 nace en Santiago de Compostela a primeira Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer (AGADEA). Son unha entidade sen ánimo de lucro formada por persoas usuarias, familiares, profesionais e voluntarios que traballan por mellorar a calidade de vida dos afectados (enfermos e cuidadores) pola enfermidade de Alzheimer e doutras demencias. Para iso, ofrecen recursos, servizos e actividades que cubran as necesidades que van xurdindo nas diferentes etapas.

AGADEA está presente nos concellos de Santiago, Ribeira, Vedra, Teo e na Estrada Nestes momentos ofrece servizo directo a preto de 500 persoas.

Como colabora o comercio coa entidade: venda de produtos feitos por membros de AGADEA ou produtos que eles teñan. Os beneficios irán integramente á asociación

Atractivo: agasallo por definir

Que poden facer os 11 comercios restantes: enviar á súa clientela para poder difundir a campaña.

Persoa de contacto: María Mato 646 941 620

Mes: Xuño

Comercio: La tienda de María

La Tienda de María leva máis de 30 anos situada no Ensanche Compostelán, nas históricas Casas de Ramírez, preto da Praza Roxa. Somos unha tenda especialista en produtos para bebés (etapa 0 a 36 meses). roupa, complementos para as cadeiras de paseo, artigos de pequena puericultura, téxtil, cestas de nacemento, etc.

Trato próximo e persoalizado, son o noso sinal diferenciador, ao tempo que traballamos con provedores nacionais (moitos deles asentados en Galicia) perfectamente posicionados nun mercado internacional.

Entidade coa que colabora: Acougo (Asociación Galega de Familias de Acollida)

Acougo é unha entidade que naceu ante a inexistencia, en Galicia, dun organismo que se ocupara de representar en exclusiva ás familias acolledoras. O xérmolo foi a necesidade dun grupo de familias que querían involucrarse en maior medida na defensa dos dereitos das persoas menores de idade que están no sistema de protección público.

Dende a Asociación consideran que todas e cada unha das partes integrantes neste sistema son necesarias para velar polos dereitos e intereses das persoas en xeral, e das máis vulnerables en particular (incluíndo as familias de orixe).

Como colabora o comercio coa entidade: durante todo o mes de xuño, destinaremos un espazo da nosa tenda para a exposición e venda de produtos cedidos por Acougo. A recadación será íntegra para a Asociación. Ademais, adicaremos uns minutos en explicarlle aos clientes que pasen pola tenda que é Acougo, a que se adican e como poden colaborar coa Asociación.

Atractivo: aplicaremos un 10% de desconto en roupa e artigos de paseo (non acumulable a outras promocións) para todas aquelas persoas que nos traian o folleto dende outro comercio participante e merquen algo na nosa tenda.

Que poden facer os 11 comercios restantes: enviar a súa clientela á nosa tenda para informarse sobre o traballo que desenvolven en Acougo

Persoa de contacto: Cristina Gerpe Rodríguez 657 644 245

Mes: Xullo

Comercio: Mercado Galego da Creatividade

O Mercado Galego da Creatividade é unha tenda colectiva de exposición, venda, realización de obradoiros e traballo en directo por parte das marcas pertencentes ao colectivo Creativas Galegas.

É un espazo diverso e heteroxéneo no que atopar desde obras de arte, produtos artesanais dos diferentes sectores e oficios e obras literarias escritas en galego.

Aínda que é unha tenda multimarca de arte, artesanía e cultura galega, funciona, desde a súa apertura en 2020, como unha unidade, baixo a marca paraugas: Creativas Galegas.

Trato humano, próximo, e por parte dos/as propias artistas e deseñadores/as das pezas que atopamos na tenda.

Entidade coa que colabora: Avante asociación de persoas con discapacidade.

A Asociación de Persoas con Discapacidade AVANTE de Val do Dubra naceu, no ano 1982, co fin de coordinar e defender os dereitos e intereses das persoas con discapacidade e os dos seus familiares, así como impulsar, no posible, a súa inserción social: https://www.cogami.gal/es_ES/entidades-miembro/asociaciones-miembro-directo-decogami/avante-asociacion-de-persoas-con-discapacidade-do-val-do-dubra/

Como colabora o comercio coa entidade: imos facer unha exposición durante 15 días, no espazo do exposicións do Mercado Galego da Creatividade. O recadado polas vendas do seus produtos durante este tempo é íntegro para a Asociación.

Atractivo: dispoñer gratuitamente do noso espazo para visibilizar o traballo desta entidade, e todo o que poden chegar a crear estas persoas, coas súas mans, cando alguén os escoita, motiva e estimula.

Que poden facer os 11 comercios restantes: enviar a súa clientela a coñecer a exposición coa posibilidade de mercar algunha peza creada por este colectivo.

Persoa de contacto: Soledad Mato 676 560 932

Mes: Agosto

Comercio: Maravalla.

Dende 2015 en Maravalla difundimos o uso e desfrute da cosmética natural dende a zona vella de Santiago de Compostela. Promovemos a cosmética natural, certificada, con ingredientes saudables, sen testar en animais e co máximo respecto polo medio natural. Tamén dispoñemos de limpeza ecolóxica para o fogar e candeas de cera vexetal, así coma unha ampla variedade de xabóns.

Entidade coa que colabora: o Refuxio de Bando.

O Refuxio de Bando adícase a acoller nas súas instalacións animais abandonados e en perigo, proporcionándolles coidados e promovendo a súa adopción, así como a tenencia responsable de animais de compañía. A Fundación Refuxio de Animais acolle os animais dos concellos de Santiago de Compostela, Vedra, Teo, Boqueixón, Touro e Val do Dubra.

O xeito de financiamento da Fundación Refuxio de Animais é mediante:

- Achegas dos Concellos que forman parte do Padroado da Fundación: Santiago de Compostela, Teo, Vedra, Boqueixón, Touro, Brión e Val do Dubra.
- Servizos realizados no Centro: adopción, acollidas, devolución de animais extraviados aos seus donos...
- Apadriñamentos/Amadriñamentos.
- Doazóns.
- Colaboradores.

<https://refuxio.gal/>

Como colabora o comercio coa entidade: mediante a exposición e divulgación do seu labor e promovendo a adopción responsable. Así mesmo, actuando como punto de recollida nese mes de comida que despois do mes subiriamos ao citado refuxio.

Atractivo: está por concretar coa entidade.

Que poden facer os 11 comercios restantes:

Persoa de contacto: Ana 606 907 585

Mes: Setembro

Comercio: Cousas do Campo froitas e verduras

Cousas do Campo froitas e verduras , leva seis anos no Mercado de Abastos de Santiago de Compostela. A súa propietaria, Almudena, é unha apaixonada do seu traballo e, na medida do posible e se o tempo o permite, ten algúns produtos da súa propia colleita e dos arredores de Santiago. Trato persoal cos seus clientes.

Entidade coa que colabora: Daqui darrederee (socios)

É un proxecto posto en marcha polo concello de Brión. É un espazo colaborativo onde os veciños e veciñas reciben formación para utilizar as instalacións, e poden elaborar os seus produtos e transformalos en algo tan delicioso como salsa de tomate, marmelo, xudías con shitake, crema de verduras etc...

Así dan saída aos produtos da horta.

Como colabora o comercio coa entidade: dando a coñecer o seu proxecto e produtos.

Atractivo: Degustación, 15% de desconto na miña froitería.

Que poden facer os 11 comercios restantes: Envíar a súa clientela á tenda, onde poderán degustar os produtos do campo elaborados, ademáis de ter un desconto na compra na froitería.

Persoa de contacto: Almudena Vega 699 176 766

Mes: Outubro

Comercio: Xoguetería educativa EscondiT

EscondiT é unha xoguetería centrada no ocio educativo, o aprendizaxe e a cultura para todas as persoas sen límite de idade. Está dividida en dous espazos:

A **TENDA**, onde entendemos o xogo coma unha ferramenta moi potente para o aprendizaxe. Precisamos aprender sempre, polo tanto os nosos xogos non teñen idade. Son xogos que nos permiten desenvolver e reforzar habilidades mentais e físicas. Dámoslle moita importancia ao creador local e artesán. O asesoramento sempre vai implícito na nosa atención para que encaixe dentro das necesidades que se teñan nese momento.

A **SALA DE XOGOS** (ou EscondiT 2); trátase dun espazo multidisciplinar onde se pode vir xogar, dando a posibilidade de coñecer o xogo dende dentro sen ter que mercalo sen saber. Fanse obradoiros, charlas e clases de temas diversos sempre ligados á cultura, arte, creatividade, aprendizaxe e educación.

Entidade coa que colabora: Obra Social Pediatría

Nace co obxectivo de incrementar a calidade da atención integral do doente pediátrico, da súa familia e o compromiso de poñer toda a maquinaria de investigación a disposición dos nenos que se atenden. Cando un neno ingresa, a súa vida cotiá sufre un gran número de alteracións: vense fora do seu entorno natural interactuando con persoas descoñecidas, perden a súa intimidade, sométense a probas médicas e sofren incerteza e medo ao descoñecido ao que hai que engadir a enfermidade que lles levou a ingresar, o estrés, tristura, ansiedade etc.

A obra social pediatría traballa para que os pacientes afronten este cambio do mellor xeito posible: investigación innovadora, continuidade educativa, rehabilitación integral dos nenos e as súas familias, Actividades de entretemento cun fin didáctico, Fomento das relacións sociais entre os doentes, humanización da asistencia e do entorno no que se fai, adaptación do entorno hospitalario para lograr un espazo máis cálido e máis comfortable.

Como colabora o comercio coa entidade: recollida de doazóns económicas da clientela, recollida de material de xogo, colocación dun stand con produtos de merchand.

Atractivo: Sorteo dun agasallo entre todas as persoas que nese mes merquen e colaboren coa entidade.

Que poden facer os 11 comercios restantes: informar á clientela a través dos trípticos e convidala a coñecer un pouco máis o proxecto, informar da posibilidade de colaborar, mercando algún produto da asociación que teremos exposto nun stand, e do sorteo.

Persoa de contacto : Sandra 604 068 532

Mes: Novembro

Comercio: María Brey Diseño e Interiorismo

María Brey Diseño e Interiorismo ofrece un completo abanico para a decoración. A tenda, situada no número 3 da Rúa Rodríguez Carracido, distribúe as firmas máis destacadas de decoración fundamentalmente de teas e papeis pintados. Está avalada pola carreira de máis de cinco décadas de Tapicerías Brey, que conta con taller de tapicerías a medida (sofás, sillería, butacas,...) e confección de cortinas.

A tenda tamén ofrece unha ampla gama de artigos para agasallo como: porcelana, lámpadas, velas, perfumes para o fogar,...

Entidade coa que colabora: Cociña Económica de Santiago.

A cociña económica de Santiago é unha institución benéfica de carácter privado, que se creou co fin de axudar ós máis desfavorecidos, proporcionándolles alimentación, atendendo a todos os que o demandan a mínimos prezos. Todo isto grazas as Fillas da Caridade que son as encargadas dos servizos do comedor.

Como colabora o comercio coa entidade: Solicitando doativos de alimentos durante o mes de novembro e dando a coñecer o seu traballo.

Atractivo: Un desconto do 15% para os clientes que veñan a tenda derivados da campaña "12 comercios...."

Que poden facer os 11 comercios restantes: Informar da recollida de alimentos que estamos a facer.

Persoa de contacto: María Brey 630 156 176

Mes: Decembro

Comercio: Quenlla SCQ.

Leva case 12 anos situada no Mercado de Abastos de Compostela, nas casetas da rúa Ameas. Uns anos despois abrimos tamén na planta alta de Bombarda, compartindo local, no ensanche Compostelán (rúa República do Salvador 13).

É unha tendiña de deseño, complementos e ilustración. Apostando por novos deseñadores galegos ou con algunha vinculación coa nosa terra. A maioría destes deseñadores, estudaron nas escolas de deseño galegas (Mestre Mateo, Pablo Picasso, etc.).

Entidade coa que colabora: Alasolvidadas.org

É unha iniciativa que leva libros adicados por persoas, ás presas de diferentes cárceres.

Libros para alonxalas mentalmente da prisión pero tamén para xerar reflexión e debate nun colectivo de mulleres invisible para a sociedade.

Como colabora o comercio coa entidade: Dando a coñecer o proxecto e punto de recollida de libros para a seguinte convocatoria.

Atractivo: recuncho de lectura na tenda, cunha pequena biblioteca.

Que poden facer os 11 comercios restantes: enviar á súa clientela a coñecer a iniciativa e animalos a ler un rato na tendiña.

Persoa de contacto: Alba Mariño Iglesias 633 121 819

